

Imos escribir unha historia pequeniña **EN GALEGO** (pode ser disparatada, que na imaxinación todo está permitido) seguindo as instrucións que vos indico.

**1º: Elixo unha palabra de cada columna (as que queira)(podo poñer outras en cada columna)**

Por exemplo: eu elixo: policía, sardiña, O Castrillón, durmir, guitarra.

<b>Persoa</b>	<b>Animal</b>	<b>Lugar</b>	<b>Acción</b>	<b>Obxecto</b>
Neno	Tartaruga	Praza Pablo Iglesias	Bailar	Prato
Conserxe	Elefante	Bosque	cantar	Agulla
Médica	Sardiña	Casa	durmir	Peite
Muller	Gato	Praia	xogar	guitarra
Policía	Loro	O Castrillón	Nadar	libro
Nena	Xirafa	Castelo	Pintar	zapato
Home	Raposo	Colexio	Ler	ordenador
...	...	...	...	...

**2º: Penso unha pequena historia con esas palabras.**

(Que un policía fixo durmir unha sardiña)

**3º Organizo a historia**

➤ **1º. Escribo en sucio a secuencia da historia:**

Primeiro: Un **policía** que ía polo **Castrillón** atopou unha sardiña.

Despois: O policía colleu a sardiña e púxose a tocar a **guitarra**.

Ao final: a sardiña quedou **durmida** coa música.

➤ **2º. Paso a historia a limpo, con moi boa letra e con moito coidado.**

Quedaría máis ou menos así:

*“Un policía que ía polo Castrillón atopou unha sardiña. O policía colleu a sardiña e púxose a tocar a guitarra. Ao final a sardiña quedou durmida coa música”.*

**4º Fago un debuxo ben feitoño da historia nun folio ou papel branco (sen raias nin cadros) con coidado e ben coloreado**

Ao mellor publicarase algunha desas historias na revista escolar. Para iso deben estar moi ben coloreados os debuxos.

O que si faremos é un libro con todas e despois pasareillo a cada un/ha de vós para que teñades todas.